



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

REGULAMENTO DA VII RUTA BTT CONCELLO DE CARNOTA

NORMATIVA XERAL

1. O Concello de Carnota e o Club Praia de Carnota Runners organizan a VII Ruta BTT cicloturística non competitiva, que se celebrará o xoves día 29 de marzo de 2018.

2. A saída estará situada na Casa do Concello.

O comezo da carreira será ás 10:00 horas, aproximadamente.

**Nota: os horarios non están libres de sufrir algunha modificación se se presenta algún imprevisto de última hora. No caso de que para o día da celebración da proba se decrete unha alerta laranxa, a proba será suspendida automaticamente.*

3. A idade mínima de participación é de 16 anos.

4. O percorrido da ruta longa da BTT é aproximadamente de **37Km**. O track pódese consultar na páxina web de Wikiloc, buscando como "Ruta BTT Carnota 2018".

<https://es.wikiloc.com/rutas-mountain-bike/ruta-btt-carnota-2018-22384159>

5. Establécense os seguintes **premios**:

- Trofeos aos 3 primeiros clasificados e clasificadas.
- Trofeo ao primeiro carnotán e á primeira carnotá.
*Se se dá o caso de que algúns deles xa subirano podio, entregaráselle o premio ao segundo ou segunda mellor carnotán e carnotá.
- Trofeo ao/á participante con máis idade da competición.
- Agasallo conmemorativo para todas as persoas participantes na ruta.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

6. Ofrécese un servizo de **gardarroupa** para os/as participante que o precisen.
7. Ponse á disposición dos/das participantes un punto para a **limpeza de bicicletas**.
8. Os/as participantes poderán utilizar o **pavillón**, situado a escasos metros da chegada, para asearse despois da carreira.
9. Existirá un posto de **avituallamento sólido e líquido** intermedio. Tamén nos encontraremos con dúas fontes naturais no percorrido.
Por respecto ao medio natural, será obrigatorio depositar os restos de lixo xerado nas zonas habilitadas. Non está permitido sacar alimentos nin botellas con bebidas fóra destas zonas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación.
10. Cada participante é responsable de portar o equipo adecuado para a práctica da actividade, así como de levar os elementos necesarios (ferramentas e recambios) para reparar os problemas mecánicos que puideran ter lugar no transcurso da marcha.
11. Para participar, é obrigatorio o uso do casco homologado para o ciclismo de montaña e non levalo implica a retirada do dorsal e da ruta.
12. A organización non se fai responsable dos accidentes nos que puidera ser causa a negligencia dos participantes, nin tampouco os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da marcha.
13. O dorsal estará visible en todo momento.
14. Toda persoa que corra sen estar inscrita farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar na entrega de trofeos nin de obsequios.
15. A organización porá á disposición das persoas participantes un servizo de **ambulancia**.
16. Todos/as os/as participantes deberán respectar as normas de circulación e seguir as instrucións tanto dos axentes da autoridade



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

de Tráfico, Policía local e responsables de Protección Civil, como dos representantes e voluntarios da organización habilitados, que actúan como auxiliares daqueles, conforme ao Regulamento Xeral de Circulación.

17. O percorrido da proba transcorre na súa maior parte por camiños rurais e forestais do concello de Carnota. Existen cruces con tramos de estradas que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios e usuarias, polo que se deberá extremar a precaución por parte dos/das participantes.
18. Ata o quilómetro 4 da ruta aproximadamente, os/as participantes irán en pelotón ata cruzar a C550 á altura de Canedo.
19. No quilómetro 25, aproximadamente, establecerase un corte na ruta para os máis demorados ou para aqueles que non desexen completar os 37 km.
20. O percorrido estará sinalizado pola organización con cinta plástica, pintura, carteis indicadores ou outros elementos de sinalización. É responsabilidade de cada participante localizar a sinalización e seguila.
21. O Concello de Carnota, a comisión organizadora e os seus colaboradores non se fan responsables dos posibles danos morais, físicos ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas lles ocasionen os/as participantes nesta proba deportiva.
22. Os/as participantes autorizan aos organizadores a rexistrar total ou parcialmente a súa participación mediante fotos, vídeos, televisión ou calquera outro medio de difusión.
23. Todas as persoas participantes, polo feito de tomar a saída na proba, aceptan o presente regulamento, e descargan á organización de calquera responsabilidade en canto á saúde do/da participante se refire. No caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida neste regulamento, decidirá o comité organizador.
24. O descoñecemento do regulamento non exime do seu cumprimento.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

INSCRICIÓNS

1. Termos e prezos das **inscricións**:

- Poderán participar na ruta todas as persoas maiores de idade que acepten e cumpran as condicións regulamentarias e que realicen axeitadamente o proceso de inscrición.
- O prezo de cada inscrición será de **5€**, que se aboarán no mesmo momento de cubrir o formulario de inscrición.
- O prazo de inscrición finalizará o **domingo 25 de marzo ás 23:59 horas** ou ao acadar un total de **300 participantes**.
- As inscricións efectuaranse na páxina www.galitiming.com e considerárase efectiva a inscrición unha vez feito o pago na TPV habilitada para tal fin.
- Non se admitirán pagos en man nin o mesmo día da proba. Tampouco se admitirán inscricións fóra dos prazos establecidos.
- Permitirase a participación de rapaces e rapazas menores de idade, dende os 16 anos, con autorización paterna.
- A inscrición para os/as menores de idade será **gratuíta**.
- A solicitude de inscrición para os/as deportistas menores de idade deberá ir acompañada dunha **autorización**, segundo o modelo establecido pola organización, que se poderá descargar na páxina web do Concello de Carnota www.carnota.gal, en www.galitiming.com, e que tamén se facilitará no Departamento de Deportes do Concello de Carnota. Debe imprimirse e presentarse, debidamente cuberta e asinada á hora de recoller o dorsal.
- En ningún caso se devolverá o importe da inscrición.

2. A **entrega de dorsais** abrirase ás 8:30 horas na Casa do Concello e permanecerá aberta ata 15 minutos antes do inicio da ruta. Calquera participante con problemas médicos (alergia, atencións especiais, etc.) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

3. Para formalizar a inscrición deberase cubrir o formulario dispoñible en www.galitiming.com
4. As inscricións realizaranse nos lugares que se indican nas bases xerais e dentro dos prazos sinalados. Quen non se axuste a estas indicacións non poderá participar na proba.

RECORDA

Mantén limpo o monte e respecta o medio. Entre todos debemos facer un uso responsable del.

Moitas grazas por participar.